

RELACIÓN DE ACORDOS ADOPTADOS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA NA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA DO 28 DE ABRIL DE 2017

* Declaración institucional dos Grupos provinciais PP, PSdG-PSOE, BNG, Marea Atlántica, Compostela Aberta e Alternativa dos Veciños, en relación co ataque con armas químicas acontecido en siria o 4 de abril de 2017

Actas

1.-Aprobación da acta da sesión anterior, número 3/17, do 31 de marzo.

2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da número 9601 á número 13000, de 2017.

Comisión de Cultura e Normalización Lingüística

3.-Aprobación do convenio co Consorcio para a Promoción da Música da Coruña correspondente á subvención nominativa concedida para financiar o Programa de actividades da Orquesta Sinfónica de Galicia no ano 2017.

Comisión de Deportes e Mocidade

4.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Fútbol Sala de Pontedeume correspondente á subvención nominativa concedida para financiar a realización das actividades deportivas do club no ano 2016.

Comisión de Benestar Social, Educación e Políticas de Igualdade de Xénero

5.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Consorcio As Mariñas para financiar o mantemento do Servizo de Asesoría Xurídica Social especializada no ano 2017.

6.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a entidade Fundación Paideia para financiar o Programa de voluntariado social en países europeos para mocidade desempregada no ano 2017. Accións informativas e formativas.

7.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Comité Ciudadano Anti-sida de Coruña para financiar o mantemento da rede de pisos de acollida e atención de persoas seropositivas en situación de exclusión social ano 2017.

8.-Modificación do acordo plenario número 30 do 23.12.2016: cláusulas I, VII e XIII do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello da Coruña para financiar o Programa de erradicación do chabolismo no ano 2016.

Comisión de Promoción Económica e Emprego

9.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Confederación Española de Directivos y Ejecutivos (CEDE) para financiar o proxecto "Congreso de Directivos".

[10.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela para financiar o proxecto “Máster de desenvolvemento económico e innovación”.](#)

[11.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación para el Fomento del Conocimiento de la Construcción Naval y de las Actividades Marítimas \(EXPONAV\) para financiar o proxecto “Gastos de funcionamento da Fundación e do Museo da Construcción Naval”.](#)

[12.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Valdoviño para financiar o proxecto “Salvamento e socorrismo nas praias do Concello”.](#)

Comisión de Infraestruturas Viarias, Vías e Obras Provinciais e Medio Ambiente

[13.-Aprobación da modificación da participación do Concello de Corcubión no Plan de medio ambiente \(PMA\) 2016.](#)

[14.-Aprobación do Plan de investimento en vías provinciais 2017, segunda fase e inicio dos trámites para a expropiación dos bens e dereitos necesarios para a execución das obras.](#)

[15.-Aprobación do Plan de sendas peonís 2017 segunda fase.](#)

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento

[16.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade da Coruña para o financiamento da creación dunha Cátedra de Dereito Local.](#)

Comisión de Cooperación, Plans Especiais Xerais, Asistencia a Municipios, turismo e Patrimonio Histórico-Artístico

[17.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cedeira para o financiamento da obra de “Reparación e mellora nas beirarrúas e na pavimentación das rúas: Avda. da Area e rúa Fraga Iribarne”.](#)

[18.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Moeche para o financiamento da obra de “Cuberta para o pavillón polideportivo e outros”](#)

[19.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Rois para o financiamento da obra de “Accesos e interiores da Irexa de Seira”.](#)

[20.-Aprobación do proxecto modificado da obra “Mellora da rede de saneamento na contorna da Praza de Castela”, do Concello de Corcubión, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal \(POS\) 2016 co código 16.2100.0059.0](#)

Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior

21.-Aprobación da información sobre o período medio de pago a provedores a que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de marzo de 2017 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación e polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña entre o 1 e o 31 de marzo de 2017.

22.-Aprobación do informe sobre o estado de execución orzamentaria a 31/03/2017 e proxección a 31/12/2017.

23.-Aprobación do informe sobre o estado de tramitación das facturas correspondentes ao primeiro trimestre de 2017 na Deputación provincial e no Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña, en aplicación do establecido na Lei 15/2010, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

24.-Aprobación da información rendida ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas en cumprimento do disposto na orde HAP/2015/2012 de 1 de outubro. Liquidación do orzamento do exercicio 2016 da Deputación Provincial da Coruña, do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e do estado consolidado.

25.-Aprobación do Expediente de modificación de créditos núm. 2/2017.

26.-Aprobación do informe sobre a resolución de discrepancias, art. 218 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

27.-Dar conta do informe da Tesourería sobre actuacións da recadación executiva no período 2008-2016.

28.-Aprobación da fiscalización a posteriori dos recursos propios da Deputación provincial e dos doutros entes públicos correspondentes ao exercicio 2015.

29.-Toma de coñecemento da Resolución da Presidencia número 10.554 do 31/03/2017 sobre cesamento de persoal eventual.

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓNS

-Moción do Grupo Provincial Popular de apoio á modernización do transporte público e á mellora da mobilidade en Galicia.

-Moción do Grupo Provincial de Marea Atlántica en defensa da cultura e en rexeitamento da rebaixa do IVE ao entramado tauromáquico.

-Moción do Grupo Provincial de Compostela Aberta en relación co ataque con armas químicas acontecido en Siria o 4 de abril de 2017.

-Moción dos Grupos Provinciais de Compostela Aberta e Marea Atlántica en defensa da autonomía local.

-Moción do Grupo provincial do Partido Popular para que o Goberno da Deputación da Coruña permita a continuidade da actividade desenvolvida polos salesianos no colexio Calvo Sotelo.

ROGOS E PREGUNTAS

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DOS GRUPOS PROVINCIAIS P.P, PSdG-PSOE, B.N.G, MAREA ATLÁNTICA, COMPOSTELA ABERTA, E ALTERNATIVA DOS VECÍÑOS EN RELACIÓN CO ATAQUE CON ARMAS QUÍMICAS ACONTECIDO EN SIRIA O 4 DE ABRIL DE 2017

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Convención sobre Armamento Químico, legalmente denominada “*Convención sobre a Prohibición do Desenvolvemento, Produción, Almacenamento e Uso de Armas Químicas e sobre a súa Destrución*” foi asinado en 1993 e está vixente desde o 29 de Abril de 1.997. Complementa e amplía o coñecido como *Protocolo de Xenebra* de 1925. Sobre esa base, ratificada por todos os Estados intervinentes no conflito sirio, agás Israel, o bombardeo aéreo con armamento químico do pasado 4 de abril de 2017, probablemente con gas sarín, sobre a poboación civil indefensa da cidade siria de Jan Seihunj, non pode cualificarse máis que como un gravísimo crime de guerra, unha acción inxustificable e ilegal na cal morreron máis de 80 persoas, das que cando menos 11 eran nenos e nenas de moi curta idade.

A nosa máis firme condena por este acto de barbarie non pode levarnos a dar por boas e acreditadas as sospeitas de que tal acción criminal foi responsabilidade do Goberno ditatorial de Bachar el Asad ou de Rusia. Por moi cribles que parezan as sospeitas, sen unha investigación contrastada e independente, e sen o respaldo do Consello de Seguridade das Nacións Unidas, non se pode considerar lexítimo un ataque unilateral por parte doutro Estado, actuando como represalia. Tal acción, aínda que tivera lugar sobre un obxectivo militar, vulnera o dereito internacional e repite, lamentablemente, as actuacións ilegais e inxustas que aconteceron en 2003 sobre Iraq, co pretexto da existencia de armas de destrución masiva en poder de Saddam Hussein, que logo resultaron absolutamente falsas.

Siria, como sabemos, sobre todo a súa poboación civil, leva sufrindo unha guerra terrible desde hai máis de 6 anos, con múltiples actores non sempre identificados e identificables, na cal o país está practicamente destruído, as persoas mortas e feridas cóntanse por centos de milleiros e as refuxiadas por millóns, moitas delas malvivindo ás portas dunha Europa insensible que renunciou aos valores da solidariedade, da acollida ou do asilo.

Pola súa banda, dúas grandes potencias mundiais, Estados Unidos e Rusia, están levando a cabo un proceso de rearme e intervención militar que xa case se pode cualificar de escalada armamentista. Se a segunda interveu militarmente en Siria e Ucraína, e con certa frecuencia realiza vós militares inidentificados nos límites do espazo OTAN, a primeira bombardeou o 13 de abril Afganistán coa bomba non nuclear máis potente do mundo, supostamente enviou unha escuadra naval ao mar de Xapón, e realizou ensaios de dispositivos termonucleares o 14 de abril. Segundo varias fontes, ambas están aumentando os seus arsenais estratéxicos no que podería ser un incumprimento do Tratado SORT e do Tratado de Non Proliferación Nuclear.

O incremento dos orzamentos nacionais en armamento –como o demandado polos Estados Unidos e seguido ao pé da letra polos países membros da OTAN, incluída España; ou o de China, con incrementos de dous díxitos no seu orzamento militar; ou o da India, entre outros países- e ás actuacións á marxe da legalidade internacional

comentadas antes, non fan precisamente un mundo máis seguro, senón todo o contrario.

Por todo isto, os grupos provinciais propoñemos:

- 1.- Manifestar publicamente a máis enérxica repulsa pola utilización ilegal de armamento químico en calquera conflito bélico, nomeadamente en Siria, e solicita unha investigación rigorosa e independente sobre a súa procedencia e a condena dos culpables conforme ao Dereito Internacional; ao tempo que rexeita de forma decidida as intervencións unilaterais de calquera Estado sen o respaldo das Nacións Unidas. A Deputación Provincial de A Coruña demanda o remate definitivo das intervencións bélicas e a apertura de vías de diálogo e de entendemento entre as partes en conflito co obxecto de atopar unha solución negociada, xusta e duradeira para toda a rexión.
- 2.- Manifestar a oposición a que o territorio do Estado sexa utilizado, activa ou pasivamente, para intervir en accións de guerra que vulneran o Dereito Internacional.
- 3.- Instar ás administracións públicas con competencias en materia educativa, así como aos grupos políticos e entidades sociais que intentan alcanzar un pacto educativo, a reforzar os currículos en materia de Educación pola Paz e a Nonviolencia, como xeito de promover a resolución non violenta dos conflitos e instalar a necesidade da convivencia pacífica entre as persoas e os pobos.

1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, NÚMERO 3/17, DO 31 DE MARZO.

Apróbase a acta da sesión anterior, número 3/17, do 31 de marzo.

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA NÚMERO 9601 Á NÚMERO 13000, DE 2017.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da número 9601 á número 13000, de 2017.

3.-APROBACIÓN DO CONVENIO CO CONSORCIO PARA A PROMOCIÓN DA MÚSICA DA CORUÑA CORRESPONDENTE Á SUBVENCIÓN NOMINATIVA CONCEDIDA PARA FINANCIAR O PROGRAMA DE ACTIVIDADES DA ORQUESTA SINFÓNICA DE GALICIA NO ANO 2017.

1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 11 de abril de 2017.

2.- Aprobado o convenio co Consorcio para a Promoción da Música correspondente á subvención nominativa, por importe de **1.500.000 €**, concedida para o *Programa de actividades da Orquesta Sinfónica de Galicia no ano 2017*, cun orzamento subvencionado de 2.120.000 €, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2018, autorice o correspondente orzamento.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Consorcio para a Promoción da Música para financiar o *Programa de actividades da Orquesta Sinfónica de Galicia no ano 2017*.

Na Coruña,

REUNIDOS

Dona Goretti Sanmartín Rei, deputada de Cultura e Normalización Lingüística, en virtude da resolución da Presidencia núm. 29081, do 23 de decembro de 2015, pola que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área

Don Xulio Ferreiro Baamonde, presidente do Consorcio para a Promoción da Música.

EXPOÑEN

1.- Que o Concello da Coruña, en sesión plenaria celebrada o día 19 de abril de 1991, aprobou a constitución do organismo denominado “Consorcio para a Promoción da Música” que ten por obxecto a difusión da música e a promoción de toda clase de actividades musicais.

2.- Que o Consorcio para a Promoción da Música ten por obxecto, entre outros, a promoción da cultura a través da música, facilitar o acceso da cidadanía á música de calidade e mellorar a ensinanza musical e a formación das novas xeracións de intérpretes. Para conseguir estes fins, o Consorcio xestiona a Orquesta Sinfónica de Galicia, a Orquesta Xoven, a Orquesta de Nenos e os coros.

Ademais, grazas á ampliación das vías de colaboración está a traballarse na ampliación das actividades fóra da cidade da Coruña. En 2017 a OSG inaugurará o

Auditorio de Narón cando se instale a nova cuncha acústica. Ademais, buscarase a posibilidade de colaborar cos concellos de Carballo, Melide, Culleredo, Rianxo, Betanzos, Arteixo, Sada e Vimianzo para organizar concertos en función da dispoñibilidade de espazos e auditorios.

3- Que, de conformidade co art. 118.d) da Lei 5/1997, 22 de xullo, de administración local de Galicia, é competencia das deputacións provinciais, entre outras, a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento en materia de cultura.

4.- Que, en exercicio destas competencias, a Deputación da Coruña recoñece o labor cultural que vén desempeñando o Consorcio para a Promoción da Música e considera de interese as actividades que desenvolve e, en tal sentido, no Orzamento correspondente ao presente exercicio figura unha subvención nominativa destinada a financiar o programa de actividades da Orquesta Sinfónica de Galicia en 2017.

5.- Que, co obxecto de facer efectiva a súa colaboración, ambas as dúas institucións acordan subscribir o presente convenio, conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Consorcio para a Promoción da Música (CIF-P6503001G) para financiar o *Programa de actividades da Orquesta Sinfónica de Galicia no ano 2017*, que se indica deseguido:

Actividades xaneiro-outubro 2017

** Tempada da OSG na Coruña: 20 concertos do aboamento venres, 9 concertos do aboamento sábado e concertos extraordinarios.*

** Actividade da OSG na provincia da Coruña: 1 concerto en Santiago, 7 en Ferrol e 1 en Narón.*

** Actividades da Orquesta Nova na Coruña: 4 concertos en Ferrol, e actividades da Orquesta de Nenos na provincia: Datas por determinar*

** Actividades dos Coros da OSG na provincia: 7 concertos*

** Proxecto didáctico: 14 actividades entre concertos en familia e concertos extraordinarios, oferta de prazas para colexios da provincia da Coruña:*

** Música de Cámara na Coruña e provincia: datas e lugares por determinar.*

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar o Consorcio para a Promoción da Música.

O Consorcio para a Promoción da Música desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Temporada de aboamento da OSG na Coruña	1.400.000,00.-
---	----------------

Actividades da OSG na provincia da Coruña	300.000,00.-
Actividades da Orquesta Nova e de Nenos na Coruña e Ferrol	180.000,00.-
Actividades dos Coro da OSG na provincia da Coruña	160.000,00.-
Proxecto didáctico	60.000,00.-
Música de Cámara na Coruña e provincia	20.000,00.-
Total	2.120.000,00 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **1.500.000 €**, o que representa unha porcentaxe do 70,75 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 70,75 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3343/46701, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizada a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Consorcio para a Promoción da Música obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle ao Consorcio para a Promoción da Música.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao Consorcio para a Promoción da Música, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- A contratación cos terceiros para a execución dos servizos, asistencias ou subministracións necesarios realizarase con suxeición ás normas de contratación do sector público, utilizando para tal fin os pregos de condicións tipo da Deputación provincial para os procedementos abertos e garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrência, igualdade e non discriminación. Procederá a utilización dos criterios e do prego provincial do procedemento negociado cando razóns de carácter científico, literario ou artístico dificulten ou impidan promover a concorrência.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dean a coñecer as *actividades da Orquestra Sinfónica de Galicia no 2017*, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Consorcio para a Promoción da Música.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

1.- A achega da Deputación seralle aboada ao Consorcio para a Promoción da Música do seguinte xeito:

Primeiro prazo, por importe do 50% da subvención, co carácter de anticipo prepagable a xustificar. O importe deste prazo aboarase unha vez asinado o convenio logo de acreditarse a presentación da seguinte documentación:

* **Contas anuais** completas da entidade correspondentes ao exercicio 2016.

* **Orzamento da entidade para o Exercicio 2017**, plan de actuación ou o documento equivalente que corresponda, de acordo coas normas que resulten de xeral aplicación, segundo a natureza xurídica da entidade.

* **Certificacións** acreditativas dos acordos **da aprobación** dos documentos sinalados.

Segundo prazo, por importe do 50% da subvención ou, no seu caso, a cantidade pendente de pago, segundo o importe dos gastos xustificadas, logo da presentación da seguinte documentación:

* **Memoria** xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos, debidamente asinada.

* **Relación** clasificada dos gastos realizados con identificación dos acredores (nome de empresa e NIF ou, no seu caso, nome e apelidos completos e sen abreviaturas e NIF), dos conceptos de gasto e dos tipos documentos (nº de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión) e, no seu caso, datas de pago.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2017.

* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se fixera das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

* **Acreditación** do pago efectivo aos terceiros do importe recibido como primeiro prazo prepagable.

2.- No prazo dun mes dende a recepción do segundo prazo, deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2017**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Consorcio para a Promoción da Música deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2018**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Consorcio para a Promoción da Música para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Consorcio para a Promoción da Música da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Consorcio para a Promoción da Música.

Se transcorresen máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponde, o Consorcio para a Promoción da Música terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- O Consorcio para a Promoción da Música deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O Consorcio para a Promoción da Música destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente poderá realizarse o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Consorcio para a Promoción da Música deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos no que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Consorcio para a Promoción da Música poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Consorcio para a Promoción da Música queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imponse no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imponse no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imponse no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Consorcio para a Promoción da Música serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Consorcio para a Promoción da Música será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2018** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse dende o 1 de xaneiro de 2017.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2018, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude do Consorcio para a Promoción da Música, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderase crear unha comisión de seguimento formada por dúas persoas representantes de cada unha das institucións.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

4.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O FÚTBOL SALA DE PONTEDEUME CORRESPONDENTE Á SUBVENCIÓN NOMINATIVA CONCEDIDA PARA FINANCIAR A REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS DO CLUB NO ANO 2016.

1.- Conceder ao Fútbol Sala Pontedeume unha subvención nominativa por importe de 8.000 €, para financiar a *realización de actividades deportivas do club no ano 2016*, cun orzamento subvencionado de 10.000 €

2.- Aprobar o convenio correspondente á dita subvención, de acordo co texto que se transcribe deseguido.

3.- Exceptuar para o presente acordo os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 11 de abril de 2017.

"Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Fútbol Sala Pontedeume correspondente á subvención nominativa concedida para financiar a realización das actividades deportivas do club no ano 2016

Na Coruña,

REÚNENSE

D. José García Liñares, deputado de Deporte e Mocidade, en virtude da Resolución da Presidencia número 2015/15671 e 2015/16642, pola que se lle delega competencia para asinar convenios da súa area.

D. Óscar Rodríguez Varela, presidente do **Fútbol Sala Pontedeume**

MANIFESTAN

Que ambas as dúas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte está interesada en colaborar coas entidades que promociónen a práctica deportiva e en especial con aqueles programas de apoio e fomento ao deporte

Que o **Fútbol Sala Pontedeume** é unha entidade dedicada a realizar programas de apoio e fomento do deporte na provincia.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e o **Fútbol Sala Pontedeume** coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o **Fútbol Sala Pontedeume** (NIF: G70399621) para financiar **a realización das actividades deportivas do club no ano 2016**

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

O **Fútbol Sala Pontedeume** desenvolveu as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Inscricións nas ligas provinciais masculinas e femininas. Mutualidade das ligas (masculina e feminina) Arbitraxes das ligas provinciais (masculina e feminina)	4.500,00 €
Equipamento deportivo (equipacións, suadoiros, plantillas, medias, bermudas, etc)	4.250,00 €
Seguros	300,00 €
Transportes	300,00 €
Material deportivo (balóns)	650,00 €
TOTAL	10.000,00 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **8.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe do **80,00%**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **80,00 %** da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3411/481, na que a Intervención provincial ten certificado que

existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o **Fútbol Sala Pontedeume** obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere, en ningún caso, o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle **ao Fútbol Sala Pontedeume**

De conformidade co establecido no artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, autorízase ao **Fútbol Sala Pontedeume** para que poida concertar a execución total ou parcial das actividades obxecto da subvención con persoas socias da entidade, cando os servizos teñan que serlles encomendados pola súa especialización e idoneidade para o correcto desenvolvemento das actividades.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000,00€, con carácter previo á contratación, o **Fútbol Sala Pontedeume** deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaía sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberá constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do **Fútbol Sala Pontedeume**.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada **ao Fútbol Sala Pontedeume** unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do **Fútbol Sala Pontedeume**, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes (con IVE e sen IVE) e, no seu caso,

datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto, que deberán estar comprendidas entre o 1 de xaneiro e o 30 de decembro de 2016.

No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira remataron o 31 de decembro de 2016

2.- Unha vez rematadas as actividades, **o Fútbol Sala Pontedeume** deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de outubro de 2017**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento **ao Fútbol Sala Pontedeume** para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao **Fútbol Sala Pontedeume** da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56^a.das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo **Fútbol Sala Pontedeume** na documentación aportada.

Se transcorresen máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, ao **Fútbol Sala Pontedeume** terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de

xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- O Fútbol Sala Pontedeume deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O Fútbol Sala Pontedeume destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, ao **Fútbol Sala Pontedeume** deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto desta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o **Fútbol Sala Pontedeume** poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o **Fútbol Sala Pontedeume** queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10% do importe da subvención co límite de 75,00€ se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20% da subvención outorgada co límite de 150,00€.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imporase no grao mínimo e será do 10% do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20% do importe da subvención outorgada, co límite de 400,00€, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30% do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do **Fútbol Sala Pontedeume** serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Fútbol Sala Pontedeume** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de outubro de 2017** e terá efectos retroactivos, xa que as actividades contempladas nel foron realizadas entre o 1 de xaneiro de 2016 e o 31 de decembro de 2016.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2017, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude do **Fútbol Sala Pontedeume**, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento."

5.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONSORCIO AS MARIÑAS PARA FINANCIAR O MANTEMENTO DO SERVIZO DE ASESORÍA XURÍDICA SOCIAL ESPECIALIZADA NO ANO 2017.

1. Exceptuar para a tramitación do presente convenio os principios de concorrência, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións, e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe de data 14 de marzo de 2017 que consta no expediente.

2. Aprobar a formalización e o texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Consorcio As Mariñas, (CIF P1500011J) para financiar o Mantemento do Servizo de Asesoría Xurídica Social Especializada no ano 2017, cunha achega da Deputación que ascende a cantidade de 60.000 €, que representa unha porcentaxe do 77,70% do total do gasto previsto que é de 77.219,52 €, importe que será aboado conforme ao previsto nas cláusulas VI e VIII do texto do convenio, e con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/46701 do orzamento vixente.

3. Condicionar a vixencia do convenio a existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2018.

Número__/2017

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONSORCIO AS MARIÑAS PARA FINANCIAR O MANTEMENTO DO SERVIZO DE ASESORÍA XURIDICA SOCIAL ESPECIALIZADA NO ANO 2017.

Na Coruña, o..... de.....de..... na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

Dunha parte Dña. Ánxela Franco Pouso, deputada de Benestar Social, Educación e Políticas de Igualdade, en virtude das Resolucións da Presidencia número 15671/2015 e 16642/2015 polas que se lle delega competencia para asinar convenios na súa área.

E doutra parte o presidente do Consorcio As Mariñas, D. José Antonio Santiso Miramontes.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Que a. Deputación provincial é competente para proporcionar apoio técnico económico e xurídico aos concellos na execución das súas competencias en servizos sociais, e o fomento da prestación unificada destes ao amparo do disposto na Lei de Bases de réxime Local, 7/85, art. 36, na Lei de administración local de Galicia 5/97 arts. 109 a 119, así como na Lei de servizos sociais de Galicia 13/2008 , art. 63 a cal establece que as deputacións proporcionaranlles asistencia aos concellos, especialmente para a prestación de servizos sociais

Dado o interese coincidente da Deputación e do Consorcio As Mariñas, ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Consorcio As Mariñas (CIF P1500011J), para financiar os gastos de persoal (salario e seguridade social) do equipo do Servizo de Asesoría Xurídica social especializada, que integran dous asesores/as xurídicos, e un/a auxiliar administrativo/a.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

O Consorcio As Mariñas levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

DATOS POSTO	CUSTOS SALARIAIS				TOTAIS	
NOME DO POSTO	SALARIO BASE	PAGA EXTRA	BRUTO MENSUAL	COTA PATRONAL	GASTO TOTAL MES	GASTO TOTAL ANUAL
ASESOR/A XURIDICO/A	1.509,42 €	251,57 €	1.760,99 €	623,40 €	2.384,39 €	28.612,68 €
ASESOR/A XURIDICO/A	1.509,42 €	251,57 €	1.760,99 €	623,40 €	2.384,39 €	28.612,68 €
AUXILIAR ADMTVO./A	1.067,96 €	177,99 €	1.245,95 €	420,23 €	1.666,18 €	19.994,16 €
TOTAL GASTO						77.219,52 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 60.000,00€, o que representa unha porcentaxe de 77,70% do orzamento subvencionado que ascende a 77.219,52

€. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 77,70 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/46701 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. Para a anualidade 2017 existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advérteselle ó Consorcio As Mariñas de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que nel existe dotación orzamentaria adecuada e suficiente para afrontar o gasto.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ó Consorcio As Mariñas o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación, o Consorcio As Mariñas axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. No caso de que o Consorcio As Mariñas tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Consorcio As Mariñas.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Rematada completamente a realización da actividade, efectuarase o pagamento a prol do Consorcio As Mariñas, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe previsto na cláusula III sobre o importe do presuposto subvencionable unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación: (en orixinal ou copia compulsada):

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Consorcio As Mariñas, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente se procede.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- O Consorcio As Mariñas estará obrigado a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos correspondentes.

2. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Consorcio As Mariñas na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Consorcio As Mariñas terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII.- TERMO PARA A EXECUCIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. A actividade que é obxecto de financiamento provincial, tal como se describe na cláusula primeira, realizaranse desde o **1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2017**.

2. Unha vez realizada a actividade o Consorcio As Mariñas deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA, antes do **31 de maio de 2018**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ó Consorcio As Mariñas para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional

non eximirá o Consorcio As Mariñas da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56ª.6 das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O Consorcio As Mariñas deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinará esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. Consorcio As Mariñas destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Consorcio As Mariñas poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Consorcio As Mariñas queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 56ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56ª.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Consorcio As Mariñas serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención o Consorcio As Mariñas será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro de 2017, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade a dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de maio de 2018**, todo elo condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio presupostario correspondente.

2. Para o caso de que o Consorcio As Mariñas, non poida ter presentada a xustificación antes do día 31 de maio de 2018, deberá solicitar polo menos dous meses antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado.

Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do **31 de outubro do ano 2018**. Nesta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o Consorcio As Mariñas perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Consorcio As Mariñas respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por o día _____ de _____ de _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

6.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ENTIDADE FUNDACIÓN PAIDEIA PARA FINANCIAR O PROGRAMA DE VOLUNTARIADO SOCIAL EN PAÍSES EUROPEOS PARA MOCIDADE DESEMPREGADA NO ANO 2017. ACCIÓNS INFORMATIVAS E FORMATIVAS.

1. Exceptuar para a tramitación do presente convenio os principios de concorrência, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións, e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe de data 6 de abril de 2017 que consta no expediente.

2. Aprobar a formalización e o texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Paideia Galiza, NIF G15798655 para financiar o programa de voluntariado social en países europeos para a mocidade desempregada no ano 2017. Accións informativas e formativas, cunha achega da Deputación que ascende a cantidade de 17.000 €, que supón unha porcentaxe do 70% do orzamento subvencionado que é de 24.285 €, importe que será aboado conforme ao previsto nas cláusulas VI e VIII do texto do convenio, e con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/481 do orzamento vixente.

3. Condicionar a vixencia do convenio a existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2018.

Número__/2017

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ENTIDADE FUNDACIÓN PAIDEIA GALIZA PARA FINANCIAR O PROGRAMA DE VOLUNTARIADO SOCIAL EN PAÍSES EUROPEOS PARA MOCIDADE DESEMPREGADA NO ANO 2017 ACCIÓNS INFORMATIVAS E FORMATIVAS.

Na Coruña, o dede..... na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

Dña. Ánxela Franco Pouso, deputada de Benestar Social, Educación e Políticas de Igualdade de Xénero, en virtude das Resolucións da Presidencia número 15671/2015 e 16642/2015 polas que se lle delega competencia para asinar convenios na súa área.

Dña. Sandra Ortega Mera, presidenta da Fundación Paideia Galiza.

As comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

É competente a Deputación para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de bases de réxime local, 7/85, art. 36 e coa Lei de admón. local de Galicia 5/97 , art. 109 e 119, así como coa Lei de servizos sociais de Galicia 13/2008.

Conforme as leis citadas, é competente a Deputación para o financiamento das actividades de fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, sendo o convenio a fórmula adecuada para formalizar a colaboración coas entidades que realicen ditas actividades.

Por outra banda, segundo consta nos seus estatutos, a Fundación Paideia Galiza ten como obxecto a promoción e realización de actividades de interese educativo, cultural, de fomento da economía social e de promoción do voluntariado, así como calquera forma de atención, formación e intervención na problemática xerada por calquera tipo de exclusión social.

Dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da Fundación Paideia Galiza, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Fundación Paideia Galiza, con CIF G15798655, para financiar as accións informativas e formativas do Programa de voluntariado social en países europeos para douscentos xoves con idades entre 18 e 30 anos en situación de desemprego da provincia da Coruña, para o ano 2017.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

A Fundación Paideia Galiza, levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Gastos de persoal (nóminas e seguridade social)	18.500,00 €

Persoal técnico	17.500,00 €	
Persoal xestión publicidade e difusión	1.000,00 €	
Material difusión (bolsas, mochilas, folletos de difusión, carteis de enrolar con soporte, cadernos de formación en idiomas,..)		2.200,00 €
Gastos da actividade (desprazamentos e mat. seminarios)		795,00 €
Gastos xerais:		2.790,00 €
Subministracións (auga e electricidade)	700,00 €	
Teléfono e internet:	600,00 €	
Material oficina e informático:	790,00 €	
Limpeza:	700,00 €	
TOTAL		24.285,00 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **17.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe do **70%**. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **70%**, da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0611/23121/481**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre o que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á Fundación Paideia Galiza de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que nel exista dotación orzamentaria adecuada e suficiente para afrontar o gasto.

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma

finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Fundación Paideia Galiza. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Fundación Paideia Galiza, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Fundación Paideia Galiza deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a Fundación Paideia Galiza tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Fundación Paideia Galiza.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á Fundación Paideia Galiza unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Fundación Paideia Galiza, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se

presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, **realizaranse desde o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2017.**

2. Unha vez rematadas as actividades, a Fundación Paideia Galiza deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA, **antes do 31 de maio de 2018.**

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Fundación Paideia Galiza para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Fundación Paideia Galiza da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56ª.6 das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Fundación Paideia Galiza na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Fundación Paideia Galiza terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A Fundación Paideia Galiza deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. Fundación Paideia Galiza destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Fundación Paideia Galiza deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Fundación Paideia Galiza poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Fundación Paideia Galiza queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio, na súa tramitación seguirase o

disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 56ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Fundación Paideia Galiza serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Fundación Paideia Galiza será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro do 2017, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de maio de 2018**,

todo elo condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio presupostario correspondente.

2. Para o caso de que a Fundación Paideia Galiza non poida ter presentada a xustificación antes do día 31 de maio de 2018, deberá solicitar polo menos dous meses antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro de 2018. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a Fundación Paideia Galiza perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día _____ de _____ de _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

A DEPUTADA DE BENESTAR SOCIAL, A PRESIDENTA DA FUNDACIÓN PAIDEIA
EDUCACIÓN E POLÍTICAS DE GALIZA
IGUALDADE DE XÉNERO

Ánxela Franco Pouso

Sandra Ortega Mera

7.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O COMITÉ CIUDADANO ANTI-SIDA DE CORUÑA PARA FINANCIAR O MANTEMENTO DA REDE DE PISOS DE ACOLLIDA E ATENCIÓN DE PERSOAS SEROPOSITIVAS EN SITUACIÓN DE EXCLUSIÓN SOCIAL ANO 2017.

1.Exceptuar para a tramitación do presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións, e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 7 de abril de 2017 que consta no expediente.

2. Aprobar a formalización e o texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a entidade COMITÉ CIUDADÁN ANTI-SIDA DE CORUÑA, CIF V15279219, para financiar o mantemento da rede de pisos de acollida e atención de persoas seropositivas en situación de exclusión social, ano 2017, cunha achega da Deputación que ascende a cantidade de 60.000,00 € , que supón unha porcentaxe do 29,50% do orzamento subvencionado que é de 203.294,80 € , importe que será aboado conforme ao previsto nas cláusulas VI e VIII do texto do convenio, e con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/481 do orzamento vixente.

3. Condicionar a vixencia do convenio a existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2018.

Nº 2017/

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O COMITÉ CIUDADÁN ANTI-SIDA DE CORUÑA PARA FINANCIAR O “MANTEMENTO DA REDE DE PISOS DE ACOLLIDA E ATENCIÓN DE PERSOAS SEROPOSITIVAS EN SITUACIÓN DE EXCLUSIÓN SOCIAL ANO 2017”

Na Coruña, o de de na sede da Deputación Provincial da Coruña

REUNIDOS

Dunha parte Dña. Ánxela Franco Pouso, deputada de Benestar Social, Educación e Políticas de Igualdade, en virtude das Resolucións da Presidencia número 15671/2015 e 16642/2015 polas que se lle delega competencia para asinar convenios na súa área.

Dña. Celsa Díaz Cabanela, presidenta do Comité Ciudadán Anti-Sida de Coruña.

As comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Que a entidade Comité Cidadán Anti-Sida de Coruña é competente conforme aos seus estatutos art. 3, c) que indican que desenvolverán entre outras a actividade de promover e desenvolver pisos de acollida para persoas con VIH/SIDA, sen recursos.

Que a Deputación da Coruña, é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de bases de réxime local 7/85 do 2 de abril , art. 36 e coa Lei de sdmón. local de Galicia 5/97, art. 109 e 119, así como co disposto na Lei de servizos sociais de Galicia 13/2008, art. 61 a 63.

Dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do Comité Cidadán Anti-Sida de Coruña, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Comité Cidadán Anti-Sida de Coruña, con CIF V15279219, para o financiamento de gastos do persoal de servizo especializado necesario para o mantemento da rede de pisos de acollida para persoas seropositivas en situación de exclusión social, situados na cidade da Coruña.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

O Comité Cidadán Anti-Sida de Coruña levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Concepto		Importe
Gastos do persoal do piso de acollida VIH	Soldos e salarios	87.000,00 €
	Seguridade Social	28.159,20 €
Gastos do persoal do piso de inserción	Soldos e salario	66.500,00 €
	Seguridade Social	21.735,60 €
Total		203.394,80 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENÁN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **60.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe de **29,50%**. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **29,50%**, da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando o Comité Cidadán Anti-Sida de Coruña que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **29,50%**, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0611/23121/481**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Comité Cidadán Anti-Sida de Coruña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle ó Comité Cidadán Anti-Sida de Coruña. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ó Comité Cidadán Anti-Sida de Coruña, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, o Comité Cidadán Anti-Sida de Coruña deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaía sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos (dípticos, carteis, notas de prensa...), radiofónicos ou televisivos, audiovisuais ou internet (na súa páxina web...), carpa e accesorios, etc. deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Comité Cidadán Anti-Sida de Coruña.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada ó Comité Cidadán Anti-Sida de Coruña unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do Comité Cidadán Anti-Sida de Coruña, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.
- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo previsto na cláusula oitava.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2017**.
2. Unha vez rematadas as actividades, o Comité Cidadán Anti-Sida de Coruña deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2018**.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ó

Comité Cidadán Anti-Sida de Coruña para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ó Comité Cidadán Anti-Sida de Coruña da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56ª.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Comité Cidadán Anti-Sida de Coruña na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Comité Cidadán Anti-Sida de Coruña terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O Comité Cidadán Anti-Sida de Coruña deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial será determinada por esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O Comité Cidadán Anti-Sida de Coruña destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Comité Cidadán Anti-Sida de Coruña deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificandos e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCIERO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Comité Cidadán Anti-Sida de Coruña poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Comité Cidadán Anti-Sida de Coruña queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas.

3. De conformidade co disposto na base 56ª.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Comité Cidadán Anti-Sida de Coruña serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ó Comité Cidadán Anti-Sida de Coruña será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro de 2017, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de maio de 2018**, todo elo condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio presupostario correspondente.

2. Para o caso de que o Comité Cidadán Anti-Sida de Coruña non poida ter rematadas as actividades e presentada a xustificación antes do día 31 de maio de 2018, deberá solicitar polo menos dous meses antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do **31 de outubro do 2018**. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o Comité Cidadán Anti-Sida de Coruña perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na

Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

8.-MODIFICACIÓN DO ACORDO PLENARIO NÚMERO 30 DO 23.12.2016: CLÁUSULAS I, VII E XIII DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DA CORUÑA PARA FINANCIAR O PROGRAMA DE ERRADICACIÓN DO CHABOLISMO NO ANO 2016.

1. Considerar a ampliación do prazo de execución para o Proxecto piloto de xestión dos residuos da Pasaxe ata o 31 de maio de 2017, e manter a proposta do anterior informe da unidade xestora do 17 de marzo de 2017.
2. Modificar as cláusulas do convenio afectadas pola modificación proposta: cláusulas I, VII e XIII de maneira que a súa redacción será a seguinte:

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello da Coruña, CIF P1503000J, para o financiar o Programa de erradicación do chabolismo e infravivenda, ano 2016 mediante financiamento do persoal e servizos externos para mellorar as condicións de habitabilidade, o que leva aparelhada unha normalización habitacional e un acomodo progresivo ao novo hábitat co que se fai innecesario migrar a novos espazos.

A realización deste Programa supón as seguintes actuacións específicas:

- * Retirada mecánica dos residuos nunha zona determinadas do asentamento da Pasaxe coa colaboración dos veciños e veciñas cunha maior sensibilización cara ao tema.*
- * Formación aos veciños e veciñas dos asentamentos sobre a separación selectiva e prevención de riscos asociados con residuos.*
- * Formación sobre xestión de residuos e economía social.*
- * Intervención socioeducativa.*
- * Accións de intervención directa e acompañamento por parte do persoal técnico do Concello dirixidas a motivar e xerar as condicións axeitadas para o realoxo.*
- * Realoxo de 5-8 familias.*
- * Xestión e mobilización de recursos para proporcionar apoio económico ás familias como soporte aos procesos formativos e de reinserción.*

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2016**, agás a **retirada mecánica dos residuos nunha zona determinadas do asentamento da Pasaxe**, que poderá realizarse ata o **31 de maio de 2017**.
2. Unha vez realizada a actividade, o Concello da Coruña deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta, **antes do 31 de outubro de 2017**.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recíbise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ó Concello da Coruña para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación

aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello da Coruña da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56.6ª das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello da Coruña na documentación achegada. E se transcorreran máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello da Coruña terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro do 2016, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade a dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de outubro de 2017, todo elo condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio presupostario correspondente.

2.Para o caso de que o Concello da Coruña non poida ter presentada a xustificación antes do día 31 de outubro de 2017, deberá solicitar polo menos dous meses antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada; acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 30 de novembro de 2017. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o Concello da Coruña perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

3. Aprobar o novo texto de convenio.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello da Coruña para financiar o Programa de erradicación do chabolismo e infravivenda, ano 2016

Na Coruña, _____

REUNIDOS

Dña. Ánxela Franco Pouso, deputada de Benestar Social, Educación e Políticas de Igualdade e Política de Igualdade, en virtude das Resolucións da Presidencia número 1567/2015 e 16642/2015 polas que se lle delega competencia para asinar convenios na súa área.

D. Xulio Xosé Ferreiro Baamonde, alcalde presidente do Concello da Coruña.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Que a Deputación da Coruña, é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de bases de réxime local, 7/85, art. 36 e coa Lei de admón. local de Galicia 5/97 , art. 109 e 119, así como coa Lei de servizos sociais de Galicia 13/2008 e no Decreto 99/2012 do 16 de marzo.

Conforme as leis citadas, é competente a Deputación da Coruña para o financiamento das actividades de fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, sendo o convenio a fórmula adecuada para formalizar a colaboración coas entidades que realicen ditas actividades.

Os concellos, en virtude do establecido na vixente Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, no artigo 60, apartado 1b), teñen atribuídas competencias para a creación, xestión e mantemento dos servizos sociais específicos sen prexuízo do establecido no artigo 59^{ai}).

Dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do Concello da Coruña ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello da Coruña, CIF P1503000J, para o financiar o *Programa de erradicación do chabolismo e infravivenda, ano 2016* mediante financiamento do persoal e servizos externos para mellorar as condicións de habitabilidade, o que leva aparellada unha normalización habitacional e un acomodo progresivo ao novo hábitat co que se fai innecesario migrar a novos espazos.

A realización deste Programa supón as seguintes actuacións específicas:

- * Retirada mecánica dos residuos nunha zona determinadas do asentamento da Pasaxe coa colaboración dos veciños e veciñas cunha maior sensibilización cara ao tema.
- * Formación aos veciños e veciñas dos asentamentos sobre a separación selectiva e prevención de riscos asociados con residuos.
- * Formación sobre xestión de residuos e economía social.
- * Intervención socioeducativa.
- * Accións de intervención directa e acompañamento por parte do persoal técnico do Concello dirixidas a motivar e xerar as condicións axeitadas para o realoxo.
- * Realoxo de 5-8 familias.

* Xestión e mobilización de recursos para proporcionar apoio económico ás familias como soporte aos procesos formativos e de reinserción.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

O Concello da Coruña levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Gastos de persoal	Coordinador/a do Programa	26.500 €
	Traballadoras/es Sociais de apoio ao programa	
	Traballoras/es Sociais de apoio ao programa	26.500 €
Gastos de accións, actuacións e actividades do programa	Proxecto piloto de xestión de residuos da Pasaxe	72.000 €
	Formación aos veciños/as sobre a separación selectiva e prevención de riscos asociados con residuos	6.000 €
	Formación sobre xestión de residuos e economía social	4.000 €
TOTAL GASTOS		135.000 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 82.000 €, o que representa unha porcentaxe de 60,74 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 60,74 %, da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos acreditando o Concello da Coruña que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. Para a anualidade 2016 existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle ao Concello da Coruña de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para o

dito ano e a que nel existe dotación orzamentaria adecuada e suficiente para afrontar o gasto.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución.

1. Corresponderalle ao Concello da Coruña o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación, o Concello da Coruña axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. No caso de que o Concello da Coruña tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello da Coruña.

VI.- Xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

1 - Coa posibilidade prevista no disposto na base 57ª das de execución do orzamento para o ano 2016 ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello da Coruña, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionable unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo disposto na cláusula oitava.

- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- O Concello da Coruña estará obrigada a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditarla mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

2 - Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do Concello da Coruña, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

3. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello da Coruña na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello da Coruña terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2016**, agás a ***retirada mecánica dos residuos nunha zona determinadas do asentamento da Pasaxe***, que poderá realizarse ata o **31 de maio de 2017**.

2. Unha vez realizada a actividade, o Concello da Coruña deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta, **antes do 31 de outubro de 2017**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ó Concello da Coruña para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello da Coruña da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56.6ª das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello da Coruña na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello da Coruña terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social e a súa acreditación.

1. O Concello da Coruña deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1. O Concello da Coruña destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello da Coruña poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello da Coruña queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 56ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imponse no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imponse no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imponse no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello da Coruña serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello da Coruña será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro do 2016, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade a dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de outubro de 2017**, todo elo condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio presupostario correspondente.

2.Para o caso de que o Concello da Coruña non poida ter presentada a xustificación **antes do día 31 de outubro de 2017**, deberá solicitar polo menos dous meses antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada; acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do **30 de novembro de 2017**. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o Concello da Coruña perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello da Coruña, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

9.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A CONFEDERACIÓN ESPAÑOLA DE DIRECTIVOS Y EJECUTIVOS (CEDE) PARA FINANCIAR O PROXECTO “CONGRESO DE DIRECTIVOS”.

1º.- Excepcionar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solucionada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no informe que consta no expediente.

2º.- Aprécianse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva.

3º Excepcionar, no presente expediente, o cumprimento do principio de imputación temporal do gasto establecido no artigo 176 do Texto refundido da lei de facendas locais, dado que o gasto a que vai referido o convenio xa foi executado no exercicio 2015.

4º Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e a CONFEDERACIÓN ESPAÑOLA DE DIRECTIVOS Y EJECUTIVOS (CEDE) para financiar o proxecto “Congreso de Directivos”.

5º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 15.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 3,19 %.

6º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/433/481

7º Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.”

8º O texto do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de A Coruña e a
CONFEDERACIÓN ESPAÑOLA DE DIRECTIVOS Y EJECUTIVOS (CEDE)
A Coruña

REUNIDOS

Dunha parte o Señor José Luis García García, en representación da Deputación Provincial da Coruña, en virtude da RP 2015/15671, de 27 de xullo, modificada pola RP 2015/16642, de 30 de xullo, e pola RP 15/29081, do 23 de decembro

Doutra parte Don Pau Herrera Fontanals, con DNI núm. 46127341J, en representación da CONFEDERACIÓN ESPAÑOLA DE DIRECTIVOS Y EJECUTIVOS (CEDE).

Que a Deputación provincial da Coruña e a CONFEDERACIÓN ESPAÑOLA DE DIRECTIVOS Y EJECUTIVOS (CEDE)

1. Consideran de grande interese para a provincia a realización do congreso dado que O Congreso de Directivos CEDE está aberto a todas as empresas e sobre todo á mocidade que busca un primeiro contacto co mundo empresarial, así como a motivación dos participantes seniors para a mellora das súas capacidades no acceso ao mercado laboral. O Congreso constitúe unha impresionante repercusión mediática para A Coruña debido ao alto nivel dos relatores, e tamén polo concorrancia de moitos dos presidentes das principais empresas españolas.
2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da CONFEDERACIÓN ESPAÑOLA DE DIRECTIVOS Y EJECUTIVOS (CEDE), as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a CONFEDERACIÓN ESPAÑOLA DE DIRECTIVOS Y EJECUTIVOS (CEDE) CIF G81700429, para o financiamento do proxecto “*Congreso de Directivos CEDE*”.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

CONFEDERACIÓN ESPAÑOLA DE DIRECTIVOS Y EJECUTIVOS (CEDE) levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

GASTOS	IMPORTE
ACREDITACIÓNS /INSCRIPCIÓN	8.008,50 €
COMUNICACIÓN	10.230,96 €
ALOXAMENTO	10.128,84 €
ALUGUER ESPAZOS	29.673,38 €
CARTELERIA	45.804,00 €
MATERIAL CONGRESISTAS	13.226,30 €
CATERING	75.236,80 €
DESENVOLVEMENTO WEB	3.260,00 €
DISTRIBUCIÓN E TRANSPORTE	3.256,52 €
GASTOS DE DESPRAZAMENTOS	39.382,69 €

HONORARIOS RELATORES	9.500,00 €
IMPRESIÓN DE MATERIAIS	22.467,69 €
MEDIOS AUDIOVISUAIS	46.069,00 €
HONORARIOS PROFESIONAIS	135.706,91 €
SECRETARIA TÉCNICA	18.498,14 €
TOTAL GASTOS	470.449,73 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 15.000,00 o que representa unha porcentaxe de 3,19%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 3,19 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/433/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a CONFEDERACIÓN ESPAÑOLA DE DIRECTIVOS Y EJECUTIVOS (CEDE) obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á CONFEDERACIÓN ESPAÑOLA DE DIRECTIVOS Y EJECUTIVOS (CEDE). Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á CONFEDERACIÓN ESPAÑOLA DE DIRECTIVOS Y EJECUTIVOS (CEDE), nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a CONFEDERACIÓN ESPAÑOLA DE DIRECTIVOS Y EJECUTIVOS (CEDE) deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha

memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a CONFEDERACIÓN ESPAÑOLA DE DIRECTIVOS Y EJECUTIVOS (CEDE) tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da CONFEDERACIÓN ESPAÑOLA DE DIRECTIVOS Y EJECUTIVOS (CEDE)

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á CONFEDERACIÓN ESPAÑOLA DE DIRECTIVOS Y EJECUTIVOS (CEDE), unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da CONFEDERACIÓN ESPAÑOLA DE DIRECTIVOS Y EJECUTIVOS (CEDE), xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

CONFEDERACIÓN ESPAÑOLA DE DIRECTIVOS Y EJECUTIVOS (CEDE) deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, realizaranse entre os días do 15 de setembro ao 30 de novembro de 2015.
2. Unha vez rematadas as actividades, a CONFEDERACIÓN ESPAÑOLA DE DIRECTIVOS Y EJECUTIVOS (CEDE) deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo de UN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á CONFEDERACIÓN ESPAÑOLA DE DIRECTIVOS Y EJECUTIVOS (CEDE) para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a CONFEDERACIÓN ESPAÑOLA DE DIRECTIVOS Y EJECUTIVOS (CEDE) da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola CONFEDERACIÓN ESPAÑOLA DE DIRECTIVOS Y EJECUTIVOS (CEDE) na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a CONFEDERACIÓN ESPAÑOLA DE DIRECTIVOS Y EJECUTIVOS (CEDE) terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

A CONFEDERACIÓN ESPAÑOLA DE DIRECTIVOS Y EJECUTIVOS (CEDE) deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

1. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinará esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A CONFEDERACIÓN ESPAÑOLA DE DIRECTIVOS Y EJECUTIVOS (CEDE) destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. **O presente convenio de colaboración abranguerá os gastos devengados dende o día 1 de agosto do 2017 ata o 31 de xullo de 2018**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o **día 31 de outubro do ano 2018**, condicionada á existencia de crédito para tal fin no exercicio 2018.

2. Para o caso de que a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), non

poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 31 de agosto de 2018** deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATURAEZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o da FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ____ do día ____ de ____ de ____

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O deputado

O representante da FUNDACIÓN
PARA EL FOMENTO DEL
CONOCIMIENTO DE LA
CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE
LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS
(EXPONAV),

José Luis García García

12.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE VALDOVIÑO PARA FINANCIAR O PROXECTO “SALVAMENTO E SOCORRISMO NAS PRAIAS DO CONCELLO”.

1º.- Excepcionar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concorrência, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios se encontran recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solucionada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no informe que consta no expediente.

2º.- Aprécianse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrência competitiva.

3º Aprobar o texto do convenio de colaboración que se ha subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e o CONCELLO DE VALDOVIÑO CIF G15008800H para financiar o proxecto “Salvamento e Socorrismo nas Praias do Concello”

4º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 75.000,00 € euros, cunha porcentaxe de financiamento do 62,50 %.

5º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/3412/46201, quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2017.

6º Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.

7º O texto do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Valdoviño

A Coruña

REUNIDOS

Dunha parte o Señor D. José Luis García García, en representación da Deputación Provincial da Coruña, en virtude da RP 2015/15671, do 27 de xullo, modificada pola RP 2015/16642, do 30 de xullo, e pola RP 15/29081, do 23 de decembro

Doutra parte D. Alberto González Fernández, con DNI núm. 32646716X, en representación do CONCELLO DE VALDOVIÑO

1. Que a Deputación provincial da Coruña e o CONCELLO DE VALDOVIÑO consideran de grande interese para a provincia potenciar o litoral do concello xa que conta con dezasete praias e que son un magnífico espazo de lecer non só para os veciños e veciñas , senón para a xente de toda a

provincia por conseguinte repercute favorablemente como medio de desenvolvemento económico, social e xerador de emprego e riqueza non só a nivel local, senón tamén provincial.

2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do CONCELLO DE VALDOVIÑO, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o CONCELLO DE VALDOVIÑO, CIF P1508800H, para o financiamento do "Salvamento e Socorrismo nas praias do concello".

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

O CONCELLO DE VALDOVIÑO levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

ACTIVIDADES	IMPORTE
Custo de salvamento e socorrismo	120.000,00 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **75.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe de **62,50%**. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **62,50%** da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0510/3412/46201**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o **CONCELLO DE VALDOVIÑO** obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao CONCELLO DE VALDOVIÑO o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.
2. No procedemento de contratación o CONCELLO VALDOVIÑO axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
3. No caso de que o CONCELLO DE VALDOVIÑO tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE VALDOVIÑO.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade establecida no disposto na Base 57ª das de execución do Orzamento para o ano 2017, ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do CONCELLO DE VALDOVIÑO, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionable unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- 1.- Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- 2.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- 3.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- 4.- CONCELLO DE VALDOVIÑO estará obrigado a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

2. Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- 1.- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CONCELLO DE VALDOVIÑO, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- 2.- Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu

caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.

3.-Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

4.-Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE VALDOVIÑO na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE VALDOVIÑO terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

O CONCELLO DE VALDOVIÑO deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, se realizarán entre o **dia 1 de xullo ata o 30 de setembro do ano 2017.**

2. Unha vez rematadas as actividades, o CONCELLO DE VALDOVIÑO deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo de DUN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE VALDOVIÑO para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE VALDOVIÑO da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE VALDOVIÑO na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE VALDOVIÑO terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O CONCELLO DE VALDOVIÑO deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinará esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONCELLO DE VALDOVIÑO destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CONCELLO DE VALDOVIÑO deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CONCELLO DE VALDOVIÑO poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE VALDOVIÑO queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imponse no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imponse no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imponse no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE VALDOVIÑO serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE VALDOVIÑO será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá vixencia desde a formalización do convenio , ata o día 30 de novembro do ano 2017 sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. Para o caso de que o **CONCELLO DE VALDOVIÑO** non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 31 de outubro de 2017**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha

solicitud motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o CONCELLO DE VALDOVIÑO perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do CONCELLO DE VALDOVIÑO, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do día ___ de ___ de _____. E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuaduplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O deputado

O representante do CONCELLO
DE VALDOVIÑO

O PRESIDENTE DA COMISIÓN

13.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE CORCUBIÓN NO PLAN DE MEDIO AMBIENTE (PMA) 2016.

Modificar o Plan provincial de medio ambiente 2016, cuxa 1ª fase foi aprobada en sesión do Pleno Corporativo do 28.10.2016, no que se incluían as seguintes actuacións promovidas polo Concello de Corcubión:

CONCELLO	EXPTE	ACTUACIÓN	FINANCIAMENTO			CONDICIÓNS
			DEPUTACIÓN	CONCELLO	TOTAL	
Corcubión	2016000009386	Subministración de equipamento para a mellora medioambiental	19.290,68	0,00	19.290,68	
	2016000009387	Mellora da eficiencia enerxética na iluminación pública na Av. da Constitución	10.986,07	32.998,20	43.984,27	
	2016000009360	Brigada medioambiental	3.181,15	0,00	3.181,15	
TOTALS			33.457,90	32.998,20	66.456,10	

no sentido seguinte:

- a) Aprobar a modificación do prego de prescricións técnicas do proxecto “Subministración de equipamento para a mellora medioambiental”, cuxo orzamento total non varía, pero si o contido, ao incorporar un novo lote núm. 5.
- b) Deixar sen efecto o proxecto de “Mellora da eficiencia enerxética na iluminación pública na Avda. da Constitución”, e anular a achega provincial de 10.986,07 €, recollida nos seguintes documentos contables:

Nº OPERACIÓN	FASE	DATA	REFERENCIA	PARTIDA	IMPORTE	EXPTE
220160044037	RC	8.02.2017	22016008436	0520/17221/76201	10.986,07	2016000009387
220160046067	AD	8.02.2017	22016008436		10.986,07	

- c) Aprobar a modificación do orzamento do proxecto “Brigada ambiental”, que ascende a 14.466,79 €, e financiar a achega provincial con cargo á aplicación que se sinala:

Nº OPERACIÓN	FASE	DATA	REFERENCIA	PARTIDA	IMPORTE	EXPTE
220170006135	RC	21.03.2017	22017001846	0520/17221/46201	14.167,22	2016000009360

d) Anular os documentos contables que se indican:

Nº OPERACIÓN	FASE	DATA	REFERENCIA	PARTIDA	IMPORTE	EXPTE
220160044241	RC	8.02.2017	22016008550	0520/17221/46201	3.181,15	2016000009360
220160046588	AD	8.02.2017	22016008550		3.181,15	

e) Aprobar o novo cadro de financiamento das actuacións do Concello de Corcubión, segundo se indica:

CONCELLO	EXPTE	ACTUACIÓN	FINANCIAMENTO			CONDICIÓN
			DEPUTACIÓN	CONCELLO	TOTAL	
Corcubión	2016000009386	Subministración de equipamento para a mellora medioambiental	19.290,68	0,00	19.290,68	
	2016000009360	Brigada medioambiental	14.167,22	299,57	14.466,79	
TOTALS			33.457,90	299,57	33.757,47	

14.- APROBACIÓN DO PLAN DE INVESTIMENTO EN VÍAS PROVINCIAIS 2017, SEGUNDA FASE E INICIO DOS TRÁMITES PARA A EXPROPIACIÓN DOS BENS E DEREITOS NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS.

1.- Aprobar o Plan de INVESTIMENTO EN VIAS PROVINCIAIS 2017 SEGUNDA FASE cun orzamento total de

2

CODIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	PRESUPOSTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS), 0410/4531/60900	VALOR DE EXPROPIACIÓN (0620/4531/600)
1711100005.0	CONSTRUCCIÓN DA PONTE SOBRE O RÍO ANLLÓNS E ACCESOS NO P.K. 3+800 DA D.P. – 1405 DE PAZOS A LEAS POR BERES	PONTECESO E CABANA DE BERGANTIÑOS	687.824,21	3.107,66
1711100006.0	PONTE NA P.K. 1+800 DP 4202 ALDEA GRANDE AO COUTO	LOUSAME	267.588,95	4.986,05
		TOTAL	955.413,16	8.093,71

2.- Iniciar os trámites para a expropiación dos bens e dereitos necesarios para a execución das obras:

CODIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	VALOR DE EXPROPIACIÓN (0620/4531/600)
1711100005.0	CONSTRUCCIÓN DA PONTE SOBRE O RÍO ANLLÓNS E ACCESOS NO P.K. 3+800 DA D.P. – 1405 DE PAZOS A LEAS POR BERES	PONTECESO E CABANA DE BERGANTIÑOS	3.107,66
1711100006.0	PONTE NO P.K. 1+800 DP 4202 ALDEA GRANDE AO COUTO	LOUSAME	4.986,05
		TOTAL	8.093,71

3.- Expoñer ao público os proxectos mediante o anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se produzan, consideraranse definitivamente aprobados.

4.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, poderanse proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe

15.-APROBACIÓN DO PLAN DE SENDAS PEONÍS 2017 SEGUNDA FASE.

1.- Aprobar o Plan de SENDAS PEONÍS 2017 SEGUNDA FASE cun orzamento total de 281.776,28 .- euros, con cargo á aplicación 0410/4535/60900 que se detalla:

CODIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	PRESUPOSTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS), 0410/4535/60900
1711700002.0	MELLORA DE SEGURIDADE VIARIA.- SENDA PEONIL NA DP 0905 BETANZOS AO LIMITE DA PROVINCIAL PQ 0+650 AO 2+080	BETANZOS E PADERNE	281.776,28
		TOTAL	281.776,28

2.- Expoñer ao público os proxectos mediante o anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se produzan, consideraranse definitivamente aprobados.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe.

16.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA O FINANCIAMENTO DA CREACIÓN DUNHA CÁTEDRA DE DEREITO LOCAL.

1.- Aprobar o texto do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA O FINANCIAMENTO DA CREACIÓN DUNHA CÁTEDRA DE DEREITO LOCAL cunha achega provincial anual (4 anos) de 20.000 euros con cargo á aplicación 0112/3269/45390, que representa un coeficiente de financiamento do 100%.

2.- Condicionar a formalización e eficacia do presente convenio á aprobación definitiva do expediente de modificación de créditos 2/2017, dentro do cal figura incluída a citada achega.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA FINANCIAR A CREACIÓN DUNHA “CÁTEDRA DE DEREITO LOCAL”

Na Coruña

REÚNENSE

Don Valentín González Formoso, presidente da Deputación Provincial da Coruña, e

Don Julio E. Abalde Alonso, reitor da Universidade da Coruña (en diante UDC), actuando en nome e representación desta en virtude dos poderes outorgados polo artigo 20 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro de universidades, e o artigo 36.1.f) do Decreto 101/2004 do 13 de maio modificado polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade da Coruña,

Actúan na representación indicada e recoñécense mutuamente capacidade para a sinatura do presente documento

MANIFESTAN

1. No século XXI, o Dereito Público pasa por superar as coordenadas dun Dereito construído sobre os alicerces e cos límites dos Estados nacionais, cos obxectivos postos en construír as bases dun Dereito Público Global. Estaremos, sen dúbida, ante un dereito de natureza fundamentalmente principal, que haberá de gravitar sobre as esixencias do Bo Goberno e a Boa Administración, un novo paradigma sobre a maneira de gobernar no actual horizonte da globalización, ante os profundos cambios experimentados na sociedade, como resposta dos fallos de mercado e como froito da nova xestión pública. O Dereito Público Global obriga a poñer a mirada sobre outros ordenamentos xurídicos, de igual ou moi distintas raíces, nos que, a pesar das diferenzas, pode falarse da existencia dun dereito común, se con iso nos referimos ás esixencias dos cidadáns respecto das actuacións dos poderes públicos.

2. Os dereitos fundamentais, a contratación pública, o Goberno e a Boa Administración, a función pública, as políticas sociais, a ordenación do territorio e o urbanismo, o patrimonio cultural e o medio ambiente teñen unha presenza continuada no desenvolvemento da función pública local.
3. A área de Dereito Administrativo da Universidade da Coruña desenvolveu ao longo dos últimos 20 anos unha función de servizo en materia de Dereito Público á sociedade desde distintos ámbitos, como o académico, o formativo, o científico, o lexislativo, o xudicial, de xestión, no empresarial, o internacional, etc., Un gran número de actividades e proxectos de investigación en materia de Dereito Local foron desenvolvidos polos membros da Área.
4. Nesta circunstancia e tras esta longa traxectoria de coñecemento e de difusión de resultados, os investigadores cren que é necesario establecer un plan de acción para impulsar a difusión do Dereito Público no ámbito da Administración Local e a súa proxección comparada e global
5. Un dos mecanismos máis axeitados para acadar estes obxectivos é a creación de Cátedras patrocinadas. As denominadas Cátedras Institucionais , financiadas cunha dotación económica periódica , permiten desenvolver actividades non lucrativas específicas de formación, de divulgación, de transferencia de coñecemento e de investigación nos ámbitos de interese común.
6. A Deputación Provincial da Coruña pretende facer a súa contribución para a creación e desenvolvemento deste plan de acción, polo que considera moi desexable contar coa Universidade da Coruña (UDC) a través da creación dunha Cátedra institucional, dado o interese común de ambas as dúas institucións.
7. A proxección no ámbito local e das entidades locais dos principios da boa administración e o bo goberno no exercicio da función pública e a protección dos dereitos sociais que a estas entidades corresponde, constitúe o obxectivo desta cátedra en colaboración coa Deputación Provincial da Coruña, e por medio dela, o conxunto de municipios da provincia, tendo como misión:
 - a.A transmisión de coñecementos en materia de Dereito Local e a súa transferencia desde o punto de vista comparado.
 - b.A mellora na administración local, no seu sentido máis amplo.
 - c.O desenvolvemento da sociedade da información
 - d.A converxencia de Galicia con outros países e rexións en materia de Dereito Local e en especial no ámbito do dereito administrativo iberoamericano
- 8.A necesidade de contar cos medios e estruturas necesarias como é esta cátedra, que permitan contribuír á formación, á información, ao asesoramento e á transferencia de coñecementos sobre estes sectores permitirá dinamizar o modelo de administración local vixente a servizo do interese xeral e da sociedade no seu conxunto.

En virtude do exposto, e dando cumprimento á vontade das entidades ás que respectivamente representan, os comparecentes outorgan neste acto o presente convenio de colaboración, e acordan formalizar o presente convenio que se rexe polas seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade da Coruña (NIF: Q6550005J) para a creación, posta en marcha e financiamento dos gastos derivados da creación dunha cátedra de Dereito Local, co fin de fomentar o intercambio de experiencias nos campos da docencia e a investigación.

Esta cátedra está chamada a ser un instrumento que lle permitirá contar con recursos académicos de excelencia precisos para desenvolver unha parte importante do seu programa formativo, de acordo co Regulamento para a creación e xestión das Cátedra Institucionais da UDC aprobado polo Consello de Goberno do 28 de febreiro de 2013

1. Os fins xerais desta Cátedra Institucional serán:

-Fomentar, divulgar e contribuír con actividades de formación, información e asistencia a través de:

- Estudos en materia de Dereito Local
- Estudos de Dereito Autonómico da Comunidade Autónoma de Galicia e a súa incidencia no ámbito da Administración Local galega.
- Cursos de Dereito Local
- Xornadas internacionais de dereito comparado
- Publicación dun anuario de dereito local iberoamericano.
- Desenvolver unha newsletter de dereito local para os concellos da Coruña.
- Realizar un informe anual sobre a situación do dereito comparado local.

Contribuír á formación dos funcionarios e técnicos ao servizo das Corporacións locais e da Deputación provincial así como impulsar e desenvolver outros medios necesarios ao servizo dunha boa administración.

Colaboración en mestrados e outros estudos de posgrao, tanto oficiais como propios, tanto nacionais como internacionais

-Organización de programas de bolsas para os estudantes que participen activamente nalgún dos seus proxectos.

Preparación de Ordenanzas-tipo, regulamentos, pregos e modelos-tipo de expedientes da administración local.

Promoción da lingua galega .

2. De investigación

-Cooperación para lograr proxectos de investigación no ámbito galego, nacional, europeo e internacional

-Promoción de encontros, intercambio de expertos entre distintas Universidades Europeas e iberoamericanas e Redes docentes no marco da cooperación internacional universitaria.

3. De divulgación:

- Organización de xornadas de carácter divulgativo
- Publicacións en materia de Dereito Local e Dereito Local comparado e iberoamericano.
- Promoción e participación en Foros, e en acontecementos científicos e técnicos locais e internacionais
- Divulgación das actividades da Cátedra no ámbito local e iberoamericano.

4. De transferencia de coñecemento.

Promoción e subscripción de convenios e contratacións de grupos da universidade para desenvolver accións de innovación ou asesoramento e consultoría especializada en materias propias da Cátedra.

A Cátedra estará coordinada por un profesor/a designado/a polo reitor, previa proposta do presidente da Deputación Provincial da Coruña.

II.- ACTIVIDADES QUE SE HAN DESENVOLVER

1. Iniciativas que se desenvolverán durante o período de vixencia da cátedra
Para o logro dos seus fins, a “Cátedra de Dereito Local” ten a intención de desenvolver desde os seus inicios, entre outras moitas, as seguintes actividades, salvo que a comisión de seguimento manifeste a súa non conformidade.

A. ACTIVIDADES DIVULGATIVAS:

De carácter permanente, son actividades desta Cátedra:

- ✓ A realización de estudos en materia de Dereito Local
- ✓ A realización de Cursos en materia de Dereito Local
- ✓ Desenvolver unha newsletter de dereito local para os concellos da Coruña.
- ✓ Elaborar o anuario Iberoamericano de Dereito Local

B.PUBLICACIÓNS

Elaboración e publicación de estudos en materia de Dereito Local e Dereito Local comparado

Elaboración do Anuario Iberoamericano de Dereito Local

C. COLABORACION DOUTRAS ENTIDADES

Poderanse incorporar como entidades colaboradoras da cátedra, mediante a correspondente sinatura de convenios ou acordos de adhesión , aqueles organismos oficiais ou institucións e colexios profesionais que actúan no ámbito da administración local, e en especial

1. O Colexio Oficial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros da Administración Local da Coruña (COSITAL Coruña)

- 2.- Os Institutos oficiais de Administración pública nacionais e estranxeiros, especialmente iberoamericanos e Instituto europeo de Maastrich.
- 3.- O Foro Iberoamericano de Dereito Administrativo
- 4.- A Rede eurolatinoamericana de profesores de Dereito Administrativo
- 5.- A Sección Española del Instituto Internacional de Ciencias Administrativas.

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1.- A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima anual de **20.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **100 %** do orzamento total.

2. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0112/3269/45390 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo ás anualidades e aplicacións orzamentarias que se indican no seguinte cadro:

ANUALIDADE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
2017	0112/3269/45390	20.000
2018	0112/3269/45390	20.000
2019	0112/3269/45390	20.000
2020	0112/3269/45390	20.000

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advérteselle á **UNIVERSIDADE DA CORUÑA** que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que existe nel dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

4.- A achega da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da achega provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- DESENVOLVEMENTO. Centro Internacional de Estudos Locais, con sede no Pazo de Mariñán,

A. A execución das modalidades de cooperación prevista neste convenio de colaboración e no Plan de actuación poderá ser obxecto de convenios ou contratos específicos elaborados de común acordo entre ambas as dúas institucións, e previa

existencia de crédito adecuado e suficiente e aprobación polo órgano competente, en que se determinará:

1. A definición do obxecto que se persegue
 2. A descrición do programa de traballo con indicación das distintas fases deste e o correspondente programa
 3. A formulación e aprobación do orzamento total, indicando expresamente as achegas de cada parte e asignado, se é o caso, a conseguinte partida orzamentaria
 4. A relación das persoas que interveñen nel
 5. No caso de investigacións conxuntas, estableceranse as bases de entendemento para a publicación de resultados, así como a forma de rexistro e participación no relativo a dereitos de propiedade industrial e intelectual.
 6. A duración do convenio ou contrato
 7. Calquera outro aspecto que se considere relevante
- Os devanditos convenios ou contratos poderán ser xestionados pola Universidade da Coruña ou por entidades vinculadas á UDC e habilitadas para tal fin, e serán incorporados como addendas ao presente acordo e axustarase en todo caso ás normativas internas da Universidade da Coruña e á lexislación xeral en materia de réxime local e de contratación.

No caso de que os alumnos realicen prácticas, estas deben canalizarse a través dos correspondentes programas de cooperación educativa, que requirirían a subscrición do correspondente convenio de acordo coa normativa vixente na materia RD 592/2014, do 11 de xuño polo que se regulan as prácticas externas dos estudantes universitarios (BOE 30 de xullo de 2014) ou aquela que no futuro a substitúa.

B. Centro Internacional de Estudos Locais, con sede no Pazo de Mariñán.

Ambas as dúas partes acordan avanzar na constitución dun Centro Internacional de Estudos Locais, con sede no Pazo de Mariñán, previos os trámites e acordos correspondentes.

V. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.

No prazo de 30 días hábiles a partir da data de sinatura do presente convenio marco, constituirase unha Comisión de Seguimento,. A devandita comisión será órgano de planificación, seguimento e avaliación das accións derivadas do presente convenio. A Comisión de Seguimento reunirse sempre que o solicite unha das partes e, polo menos, unha vez ao ano.

Por parte da UDC, os membros da Comisión de Seguimento serán:

- A persoa titular da Vicerreitoría que teña asignadas as competencias en materia de investigación e transferencia, ou persoa en quen delegue.
- O coordinador da cátedra.

Por parte da Deputación Provincial da Coruña:

- O presidente da Deputación Provincial da Coruña.
- O xefe do Servizo de Patrimonio e Contratación

As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

- Controlar a execución do plano de actuación da Cátedra e propoñer as modificacións que proceda
- Estudar as eventuais ampliacións da dotación económica da Cátedra para o financiamento de actividades acordadas.
- Aprobar a Memoria anual de actividades
- Adoptar os acordos necesarios para o cumprimento dos fins e obxectivos da Cátedra, de acordo coa normativa da Universidade da Coruña e o presente convenio .
- Propoñer a resolución das dúbidas que puideran xurdir na aplicación do convenio
- En todo caso, a solución das incidencias estará condicionada polas limitacións orzamentarias indicadas no presente convenio.

VI.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1.- A Deputación da Coruña constitúese en organismo patrocinador das actividades sinaladas na cláusula primeira, polo que na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña e o logotipo da Deputación nos documentos escritos, carteis e paneis informativos

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da UDC.

VII.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

Cada ano considerase un período de xustificación , computándose dende a sinatura do presente convenio

1. No primeiro ano da cátedra (é dicir, a partir da sinatura do convenio) a achega da Deputación aboarase do seguinte modo :

1.A.-O 50% en concepto de anticipo prepagable, logo da presentación previa de certificación de inicio de actividades da cátedra, expedido polo director da cátedra

1..B.- O 50% restante :

A achega da Deputación seralle aboada á UDC despois da presentación da seguinte documentación, dentro dos tres meses seguintes á finalización do primeiro ano

* Memoria da actuación, subscrita polo representante legal da UDC, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Certificación desagregada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, (solicita a Deputación de oficio, segundo o previsto na cláusula 8ª)

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta.

2.-Nos anos sucesivos (2º, 3º e 4º ano) a achega aboarase, cada ano, do seguinte modo :

2.A.- O 50% en concepto de anticipo prepagable, logo da presentación previa de certificación de continuación das actividades da cátedra, expedido polo director da cátedra

2.B.-O 50% restante

A achega da Deputación seralle aboada á UDC despois da presentación da seguinte documentación, dentro dos tres meses seguintes á finalización de cada período de xustificación anual:

* Memoria da actuación, subscrita polo representante legal da UDC, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Certificación desagregada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, (solicita a Deputación de oficio segundo o previsto na cláusula 8ª)

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta

2. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Rois para financiar as obras incluídas no proxecto de execución cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Rois
DENOMINACIÓN DA OBRA	Accesos e interiores de Airexa de Seira
ORZAMENTO DO PROXECTO	66.600,00 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	53.280,00 €
ACHEGA DO CONCELLO	13.320,00 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	80,00 %
PARTIDA ORZAMENTARIA	0430/454.1/76201

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á partida 0430/454.1/76201 do orzamento provincial para o exercicio 2017.

Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE ROIS PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA “ACCESOS E INTERIORES DE A IREXA DE SEIRA”

Na Coruña,
REUNIDOS

Dunha parte, o deputado responsable da Área de Cooperación cos Concellos, Xosé Regueira Varela.

E doutra parte, o alcalde-presidente do Concello de Rois, Ramón Tojo Lens

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas.

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Rois ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I. Obxecto

1. O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Rois, con CIF P1507500E, para o financiamento da obra de “Accesos e interiores de A Irexa de Seira”, tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Gilberto Rodríguez Rodríguez

2. A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3. A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle, así como en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público e a súa normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria comprométese a destinala ao uso público para o cal está prevista.

II. Orzamento de execución das obras

O orzamento total da execución da contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa:

Orzamento execución material	46.253,21 €
Gastos xerais (13 %)	6.012,92 €
Beneficio industrial (6 %)	2.775,19 €
IVE (21 %)	11.558,68 €
Orzamento da contrata	66.600,00 €

III. Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 53.280,00 € o que representa unha porcentaxe de 80,00 %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento

2. No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total previsto na cláusula II, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00 %, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resultase inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula II, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, implantacións ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/454.1/76201 do orzamento provincial para o ano 2017. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. Contratación e execución

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula I.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado e achegar con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V. Publicidade do financiamento provincial

1. Durante a execución das obras e ata a finalización e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha

distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figuren o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI. Xustificación necesaria para recibir a achega provincial

1. Coa posibilidade prevista na base 57ª das de execución do orzamento para o ano 2017, ata o 40 % da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pagamento a favor da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e, no seu caso, polo funcionariado técnico designado pola Deputación.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula VIII.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula V, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 % restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación Provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de recepción da obra deberá acudir persoal técnico designado pola Deputación.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula VIII.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula V (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da entidade beneficiaria, en cuxos correspondentes asentos se faga constar que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Acreditación do pagamento efectivo a terceiros do importe aboado co primeiro pagamento prepagable.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E, de transcorreren máis de catro meses dende a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen cobrar o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar aboarlle aos terceiros o importe xustificado do 60 % no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento.

VII. Termo para a finalización das obras e prazo de xustificación

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula VI no prazo indicado na cláusula XIII.

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a unidade xestora remitiralle un requirimento entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de 15 días.

3. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII. Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, primeiro con carácter previo á sinatura deste convenio e, logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX. Destino e manexo dos fondos recibidos

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor.

X. Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1. Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Simultaneamente, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. Reintegro, infraccións e sancións

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como o pagamento dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo), para o que se lle dará en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e seralle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 56ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56.6 das de execución do orzamento da Deputación, de se producir o atraso no prazo de xustificación e non exceder dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €. De exceder dun mes e non chegar a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €. E, de a extemporaneidade da xustificación exceder de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

4. De se producir o atraso no pagamento á persoa adxudicataria ou a terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pagamento efectivo ao terceiro.

XII. Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria seránlles remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no devandito precepto.
2. Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende da Deputación.

XIII. Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1. O presente convenio de colaboración terá efectos dende a súa sinatura e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2018**. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.
2. No caso de que a entidade beneficiaria non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación antes do citado prazo, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, e achegar coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pagamento do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2020**; todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou, no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirirá a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as partes e após dos informes da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando

substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV. Natureza, interpretación e xurisdición competente

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicaráselle a lexislación de contratos do sector público.

2. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

3. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario na sesión ordinaria de

E en proba de conformidade asínano en exemplar triplicado no lugar e data indicados no encabezamento.

O deputado responsable da Área de Cooperación cos
Concellos

Xosé Regueira Varela

O alcalde-presidente do Concello de Rois

Ramón Tojo Lens

20.-APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA “MELLORA DA REDE DE SANEAMENTO NA CONTORNA DA PRAZA DE CASTELAO”, DO CONCELLO DE CORCUBIÓN, INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2016 CO CÓDIGO 16.2100.0059.0

Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta Deputación na sesión ordinaria do 26 de febreiro de 2016 polo que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016 e o seu Plan complementario, no que se inclúe a obra que máis adiante se indica

Logo de aprobar o Concello de Corcubión un proxecto modificado desta obra, sen variación económica, previos os correspondentes informes técnico e xurídicos favorables e coa conformidade do representante da empresa adxudicataria da obra

Logo de ver as Bases reguladoras do POS 2016, aprobadas polo Pleno desta Deputación o 8 de outubro de 2015 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 196, do 14 de outubro de 2015

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

Aprobar o proxecto modificado da obra “Mellora da rede de saneamento na contorna da Praza de Castelao”, do Concello de Corcubión, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016 co código 16.2100.0059.0, cos datos que se indican, que aínda que está adxudicada, conta con informes técnico e xurídico favorables e coa conformidade do representante da empresa adxudicataria da obra, e que aínda que non supón unha modificación do seu orzamento total, si implica unha alteración do trazado previsto no proxecto inicial:

			FINANCIAMENTO A PREZOS DE CONTRATA		
Código	Concello	Denominación	Deputación F. propios	Concello	Orzamento Total
16.2100.0059.0	Corcubión	Mellora rede saneamento contorna Praza de Castelao	55.635,15	0,00	55.635,15

A achega provincial a esta obra financiarase con cargo á partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial.

21.-APROBACIÓN DA INFORMACIÓN SOBRE O PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES A QUE SE REFIRE O REAL DECRETO 635/2014, DO 25 DE XULLO, CORRESPONDENTE AO MES DE MARZO DE 2017 E RELACIÓN DETALLADA DE TODAS AS FACTURAS PAGADAS POLA DEPUTACIÓN E POLO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRAINCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA ENTRE O 1 E O 31 DE MARZO DE 2017.

1.- Tomar coñecemento dos resultados do período medio de pago a provedores calculado cos criterios do Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, na Deputación provincial e no Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña do mes de marzo de 2017.

2.- Tomar coñecemento, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación provincial e polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña no período comprendido entre o 1 e o 31 de marzo de 2017.

3.- Unha vez remitida a información que proceda ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, acórdase a publicación desta na páxina de internet da Deputación Provincial da Coruña.

22.-APROBACIÓN DO INFORME SOBRE O ESTADO DE EXECUCIÓN ORZAMENTARIA A 31/03/2017 E PROXECCIÓN A 31/12/2017.

1.- Tomar coñecemento da información sobre a xestión orzamentaria a 31 de marzo de 2017, que formula a Sección I do Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos, adscrito á Intervención provincial.

2.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e de adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

3.- Considerar que non é necesario nin procedente no momento presente formular un Plan económico-financeiro sobre os ingresos e gastos definitivos previstos para o exercicio 2017, aínda que as previsións actuais permiten estimar o incumprimento da regra do gasto, porque se trata de estimacións previas e porque a orixe do posible incumprimento é o financiamento de novos gastos con remanente de tesourería do exercicio 2016 que ten a natureza de recurso financeiro propio e que ten un fundamento contable real e efectivo.

4.- Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando cumpra, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente.

23.-APROBACIÓN DO INFORME SOBRE O ESTADO DE TRAMITACIÓN DAS FACTURAS CORRESPONDENTES AO PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2017 NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL E NO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRAINCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA, EN APLICACIÓN DO ESTABLECIDO NA LEI 15/2010, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, DO 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS.

- 1º Tomar coñecemento do informe emitido pola Intervención en cumprimento do establecido no artigo 5 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, así como do estado de tramitación das facturas exposto nos distintos informes das Unidades tramitadoras.
- 2º Dispor que se publique na páxina web da Deputación a documentación referenciada no apartado anterior, para xeral coñecemento.
- 3º Enviar a devandita documentación aos órganos competentes da comunidade autónoma e do Ministerio de Economía e Facenda.

24.-APROBACIÓN DA INFORMACIÓN RENDIDA AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS EN CUMPRIMENTO DO DISPOSTO NA ORDE HAP/2015/2012 DE 1 DE OUTUBRO. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2016 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, DO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA E DO ESTADO CONSOLIDADO.

PRIMEIRO: Tomar coñecemento da información remitida ao Ministerio de Facenda e Administración Públicas en cumprimento do disposto na Orde HAP/2105/2012 do 1 de outubro relativa á liquidación do orzamento do exercicio 2016 da Deputación provincial, do Consorcio provincial contra incendios e salvamento da Coruña e do estado consolidado.

SEGUNGO: Poñer á disposición de calquera interesado lexítimo a información obtida a través da páxina de internet da Deputación provincial.

25.-APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 2/2017.

Despois de examinar o expediente e máis a documentación que se presenta segundo o artigo 37 do Real decreto 500/90, do 20 de abril, esta comisión adopta o seguinte acordo:

1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito núm. 2/2017 de competencia do Pleno que se tramita dentro do vixente Orzamento Xeral por un importe 8.061.744,00 euros e que ofrece o seguinte resumo:

A) NECESIDADES E FONTES DE FINANCIAMENTO

A.1) Aumentos (necesidades de financiamento):

CE. Créditos extraordinarios:	2.279.937,48
SC. Suplementos de crédito:	5.781.806,52
Total aumentos:	8.061.744,00

A.2) Baixas (fontes de financiamento):

Remanente de tesourería:	8.056.744,00
Baixas por anulación:	5.000,00
Total financiamento:	8.061.744,00

B) RESUMOS POR CAPÍTULO DE GASTOS E INGRESOS

B.1 Resumo por capítulos do Estado de Gastos

Capítulo	Altas	Baixas
1. Gastos de persoal	0,00	0,00
2. Gastos correntes	1.860.660,00	0,00
3. Gastos financeiros	0,00	0,00
4. Trans. Correntes	2.431.858,37	0,00
5. Fondo continx. e o. i.	0,00	0,00
6. Investimentos reais	3.673.968,15	0,00
7. Trans. de capital	95.257,48	5.000,00
8. Activos financeiros	0,00	0,00
9. Pasivos financeiros	0,00	0,00
TOTAL:	8.061.744,00	5.000,00

B.2 Resumo por capítulos do Estado de Ingresos

Capítulo	Altas
1. Impuestos directos	0,00
2. Impuestos indirectos	0,00
3. Taxas e outros ingresos	0,00
4. Transferencias correntes	0,00
5. Ingresos patrimoniais	0,00
6. Alleamento investimentos reais	0,00
7. Transferencias de capital	0,00
8. Act. Finan. Reman. Tesourería	8.056.744,00
9. Pasivos financeiros	0,00
TOTAL:	8.056.744,00

2.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formulan reclamacións, o expediente considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

3.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicárase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitírase copia á Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e a Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

4.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

5.- Se as obrigacións efectivamente recoñecidas ao finalizar o exercicio 2017, exceden do límite establecido na regra de gasto deberán levarse a cabo as actuacións descritas nos artigos 21 a 23 da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, nos prazos, condicións e polo procedemento establecido neles. Coidamos que tendo en conta a resposta do Ministerio de Facenda e Función Pública a unha consulta sobre un posible incumprimento desta regra posta de manifesto nunha avaliación trimestral e o sinalado na páxina 1 do manual da aplicación PEFEL2 para a elaboración e remisión do plan económico financeiro publicada por ese Ministerio, non haberá que adoptar medidas correctoras xa que o incumprimento vén explicado pola utilización de remanente de tesourería para financiar as incorporacións de remanentes de crédito e outras modificacións orzamentarias que non teñen carácter estrutural nin se teñen que reproducir no futuro.

6.- Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando proceda, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente.

26.-APROBACIÓN DO INFORME SOBRE A RESOLUCIÓN DE DISCREPANCIAS, ART. 218 DO TEXTO REFUNDIDO DA LEI REGULADORA DAS FACENDAS LOCAIS.

Vista a documentación que conteñen os informes da Intervención provincial, emitidos co carácter de “reparos”, de conformidade co disposto nos artigos 215 e 216 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, (que forman parte da Conta Xeral do Orzamento do exercicio 2016 , en cumprimento do establecido no apartado 4 da Base 33 de Execución do Orzamento Provincial).

Tomado en consideración o informe da Presidencia no que se xustifican as resolucións emitidas e os acordos adoptados para resolver as discrepancias formuladas pola Intervención provincial en determinados expedientes tramitados ao longo do exercicio 2016.

Para dar cumprimento ao que determina o artigo 218 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, na redacción dada a dito precepto pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local

Esta comisión adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Tomar coñecemento do expediente que contén a relación dos informes emitidos pola Intervención provincial nos que concorren as circunstancias expresadas nos artigos 215 a 218 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais e do informe xustificativo da Presidencia da Corporación.

SEGUNDO: Elevar o devandito expediente ao Pleno da Corporación, para a súa toma de coñecemento e remisión inmediata de todos os reparos formulados aos órganos de control externo, Tribunal de Contas e Consello de Contas de Galicia.

TERCEIRO: Tomar en consideración as propostas formuladas pola Intervención provincial, na medida na que a súa aplicación práctica sexa plenamente compatible en cada expediente coa eficaz e máis inmediata satisfacción do interese público.

**27.-DAR CONTA DO INFORME DA TESOURERÍA SOBRE ACTUACIÓNS DA
RECADACIÓN EXECUTIVA NO PERÍODO 2008-2016.**

O Pleno toma coñecemento do informe da Tesourería sobre as actuacións da recadación executiva no período 2008-2016.

28.-APROBACIÓN DA FISCALIZACIÓN A POSTERIORI DOS RECURSOS PROPIOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL E DOS DOUTROS ENTES PÚBLICOS CORRESPONDENTES AO EXERCICIO 2015.

Tomar coñecemento do informe da Intervención provincial sobre a fiscalización a posteriori dos recursos propios da Deputación provincial e dos recursos doutros entes públicos correspondentes ao exercicio 2015, en aplicación do disposto nos artigos 214, 219 e 222 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, no apartado 34.2 das Bases de execución do orzamento para o exercicio 2015 e na Resolución da Presidencia núm. 25.088 do 27 de decembro de 2013 (con data de entrada en vigor o 1 de xaneiro de 2014), pola que se establece a substitución da fiscalización previa dos dereitos pola toma de razón en contabilidade e actuacións comprobatorias posteriores.

Quedar sabedores do devandito informe resumo, que conclúe que os actos de xestión e inspección tributaria revisados, así como os de recadación, non presentan erros relevantes e axústanse ao ordenamento xurídico e tributario de aplicación.

29.-TOMA DE COÑECEMENTO DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA NÚMERO 10.554 DO 31/03/2017 SOBRE CESAMENTO DE PERSOAL EVENTUAL.

O Pleno toma coñecemento da seguinte Resolución da Presidencia:

Número 10.554 do 31 de marzo de 2017 sobre cesamento de persoal eventual.

MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DE MAREA ATLÁNTICA EN DEFENSA DA CULTURA E EN REXEITAMENTO DA REBAIXA DO IVE AO ENTRAMADO TAUROMÁQUICO.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O anuncio do goberno central de efectuar unha baixada do IVE para os eventos tauromáquicos ven de crear un profundo rexeitamento no sector cultural, que entende na súa inmensa maioría que as touradas non son dignas de equiparación con espectáculos culturais de calquera tipo, como os concertos de música, as representacións de danza ou as obras teatrais.

Seguindo o posicionamento da Moncloa, ao final a veciñanza acabará pagando máis Imposto sobre o Valor Engadido por servizos básicos como a luz (21%), a compra dun material escolar (21%) que cada vez custa máis ás familias ou por acudir a ver unha película ao cine (21%) que por mercar unha entrada para presenciar a tortura sistemática e a morte sádica dun animal.

As e os representantes da cidadanía teñen a obriga de posicionarse cando se producen situacións inxustas, sobre todo aquelas que se crean dun xeito artificioso e cun interese claro de favorecer a determinadas grupos de presión, como é o caso da tauromaquia.

A fin das touradas no noso país é un claro exemplo de como as institucións e os movementos asociativos como a plataforma Galicia, Mellor Sen Touradas, teñen cooperado para suprimir o uso de fondos públicos que permitían organizar toda clase de actos taurinos. Exemplos como A Coruña, Sarria ou Padrón, pero tamén os posicionamentos doutras corporacións locais e das Deputacións da Coruña e Pontevedra evidencian que a xente non quere pagar cos seus petos a tauromaquia.

Por todo isto, o Grupo Provincial da Marea Atlántica solicita ao pleno da EXCMA Deputación Provincial da Coruña a adopción do seguinte acordo:

- Amosar a posición contraria desta corporación á eventual baixada do IVE para a tauromaquia e instar ao goberno central a non efectuar a citada rebaixa, mantendo o tipo actual do 21%
- Instar ao goberno central a rebaixar o IVE para a Cultura e o seu sector, que xera un verdadeiro valor engadido e mantén un importante número de postos de traballo, exceptuando desta iniciativa aos eventos taurinos.
- Notificar este acordo ao Ministerio de Facenda, á Xunta de Galicia e á plataforma Galicia, Mellor Sen Touradas.

MOCIÓN DOS GRUPOS PROVINCIAIS DE COMPOSTELA ABERTA E MAREA ATLÁNTICA EN DEFENSA DA AUTONOMÍA LOCAL.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tal e como afirmou a Federación Española de Municipios e Provincias na súa Resolución de 6 de abril, as administracións locais son as únicas administracións públicas que compren cos obxectivos de estabilidade e de redución do déficit público. No exercicio de 2016, o conxunto das corporacións locais xerou un superávit do 0,64% do PIB. Porén, no proxecto de Lei de Orzamentos Xerais do Estado para este exercicio continúan as restricións para que invistan eses fondos, e para que contraten persoal co cal prestar máis e mellores servizos públicos.

Por se foran poucas as trabas, o Proxecto de Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017, presentado o pasado 4 de abril, contén unha nova ameaza. Ademais de outras cuestións que afectan ao conxunto de municipios de Galicia, como a caída global do investimento, o Proxecto inclúe unha Disposición Adicional, a número 27, titulada “Limitacións á incorporación de persoal laboral ao sector público”.

Esta disposición nega a posibilidade de incorporar como empregados públicos ás persoas traballadoras en empresas contratistas de obras ou servizos públicos, no caso de que os contratos “se extingan polo seu cumprimento, por resolución, incluído o rescate, ou se se adopta o secuestro ou intervención do servizo”; e tamén ao persoal laboral que preste servizos en sociedades mercantís públicas, fundacións do sector público, consorcios, en persoas xurídicas societarias ou fundacionais que vaian a integrarse nunha Administración Pública.

O que pretende o Goberno do Estado, de facto, é impedir os procesos de remunicipalización da xestión de servizos públicos que na actualidade están desenvolvendo algunhas administracións públicas, como é o caso desta Deputación en relación co servizo de extinción de incendios. Estes procesos de internalización son a resposta natural á constatación social, política e mesmo xurídica, da ineficiencia e encarecemento na prestación dos servizos a través de contratas. As administracións públicas perderon o control do servizo público e acabouse por impor o interese privado. Moitas veces, como é o caso hoxe en España, o lexislador non só non corrixiu os abusos empresariais senón que preparou e facilitou a súa comisión.

Os resultados electorais que se produciron desde o 15M poñen de manifesto que a cidadanía demanda outra forma de xestión e de regulación dos servizos públicos externalizados e privatizados que garantan un estándar de vida digno a toda a poboación. Moitos concellos de todo o Estado gobernados por forzas e coalicións progresistas, en especial os chamados gobernos do cambio, levan impulsando desde as eleccións municipais de 2015 procesos de remunicipalización da xestión de servizos públicos.

A disposición relativa o persoal das empresas concesionarias que se inclúe no proxecto de lei de Orzamentos do Estado, xunto coas limitacións da taxa de reposición de persoal ao servizo das administracións públicas que constitúe a

denominada doutrina Montoro, impide de facto a súa subrogación por parte dos concellos ou entidades de dereito público que deles dependan.

En caso de que, excepcionalmente, unha sentenza obrigue a incorporar a este persoal, contabilizará como novo ingreso no cómputo da taxa de reposición de efectivos, o cal impedirá que as administracións locais suplan baixas por xubilación ou postos vacantes, minguando así a súa actividade ordinaria e impedindo a remunicipalización da xestión daquelas contratas intensivas en persoal, que son, na práctica, case todas.

Esta medida implica que as persoas traballadoras das concesionarias perderían o dereito á subrogación que teñen recoñecido por normativa laboral, se o servizo se xestiona desde o sector público. O contido da disposición ten unha vixencia temporal indefinida, e non está motivada nin razoada.

A verdadeira intención do Goberno do Partido Popular con esta proposta normativa non pode entenderse máis que coma un movemento a favor das grandes empresas concesionarias, das súas contas de resultados e dos seus accionistas. Non contentos con teren privatizado as empresas públicas estatais máis rendibles, entregándoas en mans dos seus empresarios amigos, agora queren blindar o negocio dos servizos públicos locais.

Neste sentido a disposición adicional vixésimo sétima é un auténtico cabalo de Troia que atenta contra a autonomía municipal, o enésimo ataque contra unha autonomía municipal cada vez máis limitada. Deberan ser as Corporacións Locais quen decidiran, dentro do marco legal establecido, se prestar de forma directa ou indirecta os servizos que son da súa competencia. Esta capacidade de decisión nunca pode ser furtada a través de subterfuxios polo Goberno do Partido Popular. Queda feo que o faga, ademais, cando precisamente acaba de perder a súa hexemonía política no ámbito municipal.

A disposición referida entra en contradición co Artigo 2 da Lei 7/1985, Reguladora de Bases de Réxime Local, que garante a autonomía das entidades locais e obriga a que a lexislación estatal asegure o dereito das corporacións a intervir en cantos asuntos afecten directamente ao seu círculo de intereses, conforme aos principios de descentralización e máxima prioridade da xestión administrativa.

O artigo 85.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, establece ademais que os servizos públicos de competencia local haberán de xestionarse do xeito máis sostible e eficiente, ben a través de xestión directa, ben por un organismo local, a través de entidade pública empresarial local, ou por unha sociedade mercantil local. Se a disposición adicional entrara en vigor, este artigo quedaría, na práctica, sen efecto.

Por estes motivos, propónse ao Pleno da Deputación provincial de A Coruña a adopción do seguinte

ACORDO

1.- Rexeitar o intento de interferir na autonomía da administración municipal a través da Disposición Adicional Vixésimo Sétima do proxecto de Lei dos Orzamentos Xerais do Estado para 2017, que pretende dificultar os procesos de remunicipalización e xestión pública de servizos externalizados a través de concesións administrativas.

2.- Solicitar aos grupos políticos con representación nas Cortes Xerais que, no prazo de tramitación do Proxecto de Lei dos Orzamentos Xerais do Estado para 2017, deixen sen efecto o contido da Disposición Adicional Vixésimo Sétima.

3.- Instar á Federación Galega de Municipios e Provincias e á Federación Española de Municipios e Provincias a manifestarse en contra da Disposición Adicional Vixésimo Sétima do Proxecto de Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2017.